

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A ORGANIZACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA DO ANO 2024

### (1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

**Primeiro.** A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins. A Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

**Segundo.** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponde entre outras funcións, propoñer, deseñar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego e colocación.

Para desenvolver adecuadamente estas funcións é preciso proporcionar a formación adecuada ás persoas que realizan as súas competencias profesionais no ámbito do Sistema Nacional de Emprego, de maneira que poidan ofrecer un servizo de calidade ás persoas e ás empresas, e poder dar así resposta aos desafíos dun mercado laboral tan cambiante como o actual.

### (2) Obxecto

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a EGAP é a colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Formación do Servizo Público de Emprego de Galicia para o ano 2024.

As actividades formativas incluídas na programación do Plan de Formación do Servizo Público de Emprego de Galicia do ano 2024 están dirixidas exclusivamente ao persoal das oficinas de emprego, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, así como ao persoal da área de emprego das Direccións Territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As accións formativas que se pretenden ofertar aos empregados públicos por medio deste convenio teñen por obxecto mellorar as súas competencias e que poidan prestar un apoio máis eficaz aos solicitantes de emprego.

### (3) Finalidade

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a EGAP, para a organización e a convocatoria das actividades derivadas deste convenio adquiren o compromiso de colaborar na súa organización e desenvolvemento, de acordo co sinalado na cláusula terceira.



#### **(4) Impacto económico**

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiará as actividades derivadas deste convenio coa achega dun importe de 18.540 € (desagregado por acción formativa no anexo do convenio) do orzamento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o ano 2024.

Estes importes serán obxecto de retención de crédito na aplicación orzamentaria 44.03.323A.227.99 proxecto 2015 00466 (MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE EMPREGO).

Posteriormente á formalización do presente acordo, realizarase a correspondente ampliación de crédito na aplicación 07.81.122B.226.17 da EGAP para a anualidade 2024.

#### **(5) Carácter non contractual**

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

#### **(6) Vixencia**

Para os efectos sinalados, formalízase coa EGAP o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura ata o 31 de decembro do 2024, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego  
Zeltia Lado Lago

